

## ANEXO III

Don/Dona , con DNI número ,  
 en calidade de  do Concello de .

**CERTIFICA:**

Que os datos consignados a continuación son certos e que na contabilidade da institución están os documentos xustificativos deles, que quedan á disposición do Servizo Galego de Saúde para calquera comprobación que se queira efectuar.

**GASTOS ANUAIS DE MANTEMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN CONTINUADA/ZONA ESPECIAL DE URXENCIAS  
 ASUMIDOS POLO CONCELLO NO EXERCICIO 2007**

CONCEPTO (SINALAR CUN X)	IMPORTE (EUROS)
<input type="checkbox"/> AUGA	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> ELECTRICIDADE	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> TELÉFONO	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> CALEFACCIÓN	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> LIMPEZA	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> SEGURANZA	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> OUTRO PERSOAL NON SANITARIO <sup>1</sup>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> OUTROS (ESPECIFICALOS)	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Conforme:

Asdo.:

<sup>1</sup> Especificarase o tipo de persoal non sanitario, indicando se ten dedicación exclusiva ao punto de atención continuada/zona especial de urxencias ou non. Neste último caso sinalarase o número de horas da súa xornada laboral dedicadas a prestar servizos no PAC/zona especial de urxencias e o importe do gasto será o correspondente a elas.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 1 de outubro de 2009 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión de axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia convocadas pola Orde do 29 de xaneiro de 2009.*

Pola Orde do 29 de xaneiro de 2009, da Consellería do Medio Rural (*Diario Oficial de Galicia* nº 24, do 4 de febreiro), establecéronse as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia e convocáronse para o ano 2009.

No artigo 25 da dita Orde do 29 de xaneiro de 2009, relativo ao financiamento destas axudas, detállase a aplicación orzamentaria e o importe económico previsto para elas. Este artigo prevé expresamente a posibilidade de incrementar a dotación orzamentaria contida na referida orde, polo que, tendo en conta que o número de solicitudes presentadas superou as previsións realizadas por esta consellería, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente.

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e

no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

**DISPOÑO:**

Artigo único.

1. Ampliase a dotación orzamentaria prevista na orde desta consellería do 29 de xaneiro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 4 de febreiro), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2009.

2. O incremento de dotación para o exercicio 2009 será de 5.500.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 49.02.713-C 772.1 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. Para exercicios futuros, con cargo á mesma aplicación orzamentaria 49.02.713-C 772.1, aumentarase a dotación en 600.000 euros no exercicio 2010, 100.000 euros no exercicio 2011 e 30.000 euros no exercicio 2012.

3. Tamén se poderán utilizar outros remanentes adicionais que puidesen existir na mesma aplicación. En todo caso, a concesión das axudas aos plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia estará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e limitarase ás dispoñibilidades orzamentarias.

4. Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 29 de xaneiro de 2009.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 28 de setembro de 2009 pola que se outorgan nomeamentos a rexistradores da propiedade, mercantís e de bens mobles para os rexistros vacantes que se citan.*

O nomeamento de rexistradores da propiedade e mercantís que desempeñen funcións en Galicia é competencia desta comunidade autónoma, segundo o disposto no artigo 26.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981.

Visto o expediente instruído para a provisión de rexistros da propiedade, mercantís e de bens mobles

vacantes en virtude de concurso ordinario, convocados por resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do 24 de xuño de 2009 (BOE do 1 de xullo) e, de conformidade cos artigos 284 da Lei hipotecaria, 513 e demais concordantes do Regulamento para a súa execución, e o decreto da Xunta de Galicia 303/2009, do 21 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e demais disposicións legais autonómicas pertinentes,

**RESOLVO:**

Nomear os rexistradores comprendidos na citada orde ministerial e que no anexo se relacionan, para prover os rexistros vacantes radicado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

**ANEXO**

-Antonio Manuel Fernández Sarmiento, rexistrador de Barcelona para o rexistro de Lugo número 1.

-Luís Antonio Gallego Fernández, rexistrador do Barco para o rexistro de Padrón (A Coruña).

*Orde do 29 de setembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante Orde do 4 de agosto de 2009 (DOG nº 156, do 11 de agosto), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

**RESOLVE:**

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica á funcionaria que se cita no anexo da presente orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual da funcionaria que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente a funcionaria preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co esta-